




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría do Barqueiro. Concello: Mañón. Parroquia: Santa María de Bares ao norte e Santa María de Mogor ao sur. Extensión: 2,23km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade mixta na presenza de praias e outros depósitos ao pé non pode evitar outorgar un dominio morfolóxico aos cantís, continuos, moi dinámicos, de parede vertical e vertente de pendente variable. Unidade de pouca proxección continental e límites ben definidos. É un anfiteatro rodeado de elevacións notables que superan os 300m e deben a súa potencia a un levantamento tectónico.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominada polo granito hercínico de dous micas, só na esquina suroeste da unidade aparecen o filón de cuarzo de O Barqueiro e os materiais do "Dominio Ollo de Sapo", representado polas cuarcitas e as filitas, ambas do Ordovícico inferior.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira pertencente ao dominio climático Cálido e Seco onde a precipitación acumulada anual non supera os 1000mm e a temperatura media alcanza valores por encima dos 14°C. A oscilación térmica media anual sitúase ao redor de 13°C.

#### OS SOLOS

Regosois na parte a alta unidade e nas pendentes máis acusadas. Pola súa banda, a vertente baixa recibe aportes da ladeira e forma os chans máis profundos e fértiles do tipo cambisol dístrico.

#### AS AUGAS

Vertente costeira que desauga na masa de Augas Costeiras da Ría do Barqueiro (20162). A unidade forma unha ampla conca cuxo límite norte é a Punta Campelo pero sen que se desenvolva unha rede fluvial significativa.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Sen figura de protección oficial. A pesar de que conta cun par de praias nas que se desenvolve un sensible intermareal, tómasse como principal da unidade o 1230, "Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas". Para o escaso tamaño da unidade, anótase unha masa importante de frondosas de recolonización, a de O Espiñeiral. Observouse a presenza do taxon de gran interese botánico *Erica mackaiana*, en substitución do breixo de turbeira *Erica tetralix*.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A diferenza das ladeiras occidentais da Península de Bares, nas que a escasa intervención do home ao longo do tempo permitiu que as súas características naturais se manteñan practicamente inalteradas até o día de hoxe, na costa oriental, o soporte territorial acolle un uso esencialmente forestal a partir de masas de repoboación. A cima do Monte Facho de Maeda mantén, con todo, a vexetación propia das paisaxes de cantil, cunha cuberta vexetal dominada por matogueira. Na parte máis baixa desta ladeira, xunto á Punta Campelo, consérvanse restos do que foi unha superficie continua de parcelas agrícolas, hoxe substituída na súa maior parte por vexetación costeira de recolonización. Na zona da Praia de Vilela mantéñense as actividades de marisqueo. O extremo SO da unidade desenvólvese parte da explotación de cuarzo de Mina de Sonia.

#### MORFOLOXÍA

O único asentamento que se atopa nesta unidade, de orixe tradicional, é o de O Espiñeiral, situado a media ladeira na marxe dereita do Arroio Vilela. Trátase dun casarío menor, de pequeno tamaño e vinculado aos terreos de cultivo que tradicionalmente se desenvolvían na fronte costeira da unidade. Atopamos algunhas construcións recentes tamén na zona litoral, próximas ao asentamento mencionado, relacionadas igualmente coas posibilidades de explotación agraria da zona.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A unidade é atravesada de norte a sur pola AC-100, que percorre a ladeira este do Monte Facho de Maeda a uns 150 metros sobre o nivel do mar, no seu traxecto entre O Barqueiro e Bares. O resto do ámbito, do mesmo xeito que ocorre en toda a costa oriental da Península de Bares, estrutúrase mediante unha rede de camiños rurais tradicionais, que se combina con pistas forestais para permitir o acceso tanto ás antigas zonas de cultivo próximas á costa como ás partes repoboadas da ladeira do monte.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Destaca o rosario de enterramentos megalíticos que coroan o cumo de Monte Facho de Maeda, divisoria natural entre a vertente oriental e occidental da Península de Bares. Nas cotas intermedias da ladeira deste monte tamén se atopan varias mámoas ou túmulos, como a de Pena Abelleira ou a de Maeda. Con todo, é o Castro de Vilela o elemento arqueolóxico máis importante deste ámbito, xa que se trata dun poboado fortificado do século IV a.C. situado nun emprazamento costeiro sobre Puna do Castro.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

Esta unidade forma parte da Península de Bares, un conxunto paisaxístico de gran singularidade que é, ademais, o punto máis setentrional da Península Ibérica. Trátase dunha formación peninsular sucada lonxitudinalmente por unha cordilleira central, con fortes pendentes cara á Ría de Barqueiro polo E e ao mar aberto polo O. Trátase dunha paisaxe que sufriu poucas intervencións humanas, o que lle permite manter as súas características naturais practicamente intactas. A costa incluída na unidade de Punta do Castro, con todo, conserva trazos do que foi un aproveitamento agrícola aproveitando a súa posición ao abrigo do Monte Facho de Maeda. Este fenómeno, pouco frecuente no conxunto paisaxístico no que se inscribe a unidade, supón unha das súas características particulares máis reseñables xunto á existencia da Praia de Vilela, xa que estas formacións areosas non son habituais no conxunto da Península de Bares.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A paisaxe da Península de Bares, no que se inclúe esta unidade de Punta de Castro xunto ás de Pena do Campelo, Bares e Estaca de Bares, supón un dos fitos paisaxísticos de maior importancia de toda a costa de Galicia. Aos seus destacables valores naturais únese ao feito de que a intervención antrópica foi moi limitada ao longo de toda a historia, o que permitiu que conserve en gran medida a súa integridade e valores orixinais. Dentro deste conxunto, a unidade de Punta de Castro non presenta características de paisaxe cantil, xa que presenta ladeiras de forte inclinación, que se abren a unha pequena planicie contigua ao litoral. A lectura da paisaxe desde a propia unidade é, por tanto, moito máis fácil, usando a Punta Campelo como punto de observación cara ao interior da mesma. Desde este punto tamén se obtéñen amplas perspectivas ao longo da ría de O Barqueiro e da costa do Vicedo



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de identidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



